



Proceso selectivo para a contratación laboral temporal dunha BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no verán do ano 2018. PROBA TEÓRICA. XEFE DE BRIGADA.

“INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME”

1. O exame é de carácter obrigatorio e consiste na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test.
2. Cada pregunta tipo test ten 4 respostas alternativas, das que soamente 1 é a correcta.
3. Inclúense 2 preguntas de reserva que deberá responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas so serán computadas, na estricta orde na que aparecen formuladas, no caso de que algunha das da parte principal sexa anulada, de oficio ou con base nalgunha reclamación, por observarse erros tanto no seu enunciado como nas opcións das respostas dadas, duplicada ou outras circunstancias similares.
4. A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos (a razón de 0,5 puntos cada resposta correcta), sendo preciso acadar 5 puntos (10 respostas correctas), para non quedar eliminado/a. As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo.
5. Para a realización da proba dispórase dun tempo máximo de 40 minutos.
6. Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida cun “X”. Poderá anulala marcando cun círculo enriba da letra correspondente á resposta que se quere anular e seleccionando de novo cun “X” na resposta que se considere correcta. Considerarase como errónea aquela pregunta que conteña emendas ou riscaduras en máis dunhas das opcións da resposta.
7. Unha vez iniciado o exame ningún/ha opositor/a poderá abandonar a aula. Si o fai anularáselle o exame e recollerase o cuestionario.
8. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Igualmente está prohibido copiar, falar e fumar. Calquera alteración destas normas será motivo de anulación do exame.
9. As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedirlo a calquera membro do tribunal, e será expedido pola secretaria do mesmo.

CUESTIONARIO DE 20 PREGUNTAS.

1ª.- Cantos tipos de causas producen incendios forestais?

- a) 2, raios e outras causas naturais.
- b) 3, raios e outras causas naturais e negligencias.
- c) 4, raios e outras causas naturais, negligencias, accidentais e incendiarios.
- d) 5, raios e outras causas naturais, negligencias, accidentais, incendiarios e descoñecida.

2ª.- Como norma xeral de actuación en incendios forestais de copa, haberá que recorrer case sempre ao ataque:

- a) Combinado.
- b) Ofensivo.
- c) Indirecto.
- d) Directo.

3ª.- Que sistema se utiliza actualmente na rede de comunicacións de Medio Rural en relación coa extinción de incendios forestais en Galicia?

- a) SIMPLEX.
- b) TETRA.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- c) SEMIDUPLEX.
- d) MÓVIL.

4ª.- Os ventos de ladeira e val son normalmente:

- a) Ascendentes de día e descendentes de noite.
- b) Descendentes de día e ascendentes de noite.
- c) Máis progresivos a primeiras horas.
- d) Ningunha destas características corresponde con este tipo de ventos.

5ª.- Cantos son os modelos de combustibles Rothermel?

- a) 12 en total.
- b) 13 en total.
- c) 14 en total.
- d) 11 en total.

6ª.- O casco utilizado como EPI nas labores de prevención e extinción de incendios forestais é:

- a) Categoría I.
- b) Nivel I.
- c) Categoría III.
- d) Ningunha é correcta.

7ª.- Utilizaremos unha antorcha de goteo para:

- a) Extinguir un incendio.
- b) Repara unha manguera.
- c) Iniciar un contralume.
- d) Ningunha é correcta.

8ª.- Indique cal das parroquias referidas a continuación pertence ao municipio de Riveira:

- a) Aguiño, Corrubedo, Palmeira, Xuño, Cespón.
- b) Artes, Castiñeiras, Aguiño, Riveira, Palmeira.
- c) Olveira, Palmeira, Corrubedo, Xobre, Oleiros.
- d) Carreira, Bealo, Corrubedo, Aguiño, Freixo.

9ª.- En que parroquia se atopa o lugar de Batiola?

- a) Castiñeiras.
- b) Riveira.
- c) Aguiño.
- d) Palmeira.

10ª.- A transmisión da información na comunicación que se leva a cabo nun incendio será:

- a) Extensa e detallada.
- b) Clara, concisa e concreta.
- c) En voz alta, e repetindo varias veces a información dada.
- d) Repetitiva, sensata e nunha soa dirección.

11ª.- Cando un hidroavión se dispón a verter auga sobre un incendio forestal debemos:

- a) Facernos visibles na parte de fronte do incendio onde desexamos que arroxen a auga para servir así de indicativo ao piloto.
- b) Formar unha fila que apunte cara o lugar no que desexamos que se arroxen o axente extintor.
- c) Protexernos tras unha árbore forte ou unha rocha e na parte oposta de onde proveña.
- d) Acercarnos o máis posible ó fronte do lume para estar prestos a contemplar a labor aérea.



C O N C E L L O
D E
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

12ª.- En que se diferencia un “cortalumes” dunha “faixa de apoio”?

- a) En que a faixa de apoio é un complemento do cortalumes.
- b) En que a faixa de apoio é un cortalumes de emerxencia.
- c) En todo, porque as faixas de apoio son as brigadas que traballan con batelumes como apoio a extinción con auga.
- d) En nada, pois son o mesmo.

13ª.- No caso dun lume de copas de árbores nun incendio forestal, será recomendable proceder a efectuar unha faixa limpa de vexetación de:

- a) 2 a 5 metros.
- b) 5 a 7 metros.
- c) 7 a 10 metros.
- d) 10 a 12 metros.

14ª.- Os EPIS de categoría III protexen ao usuario:

- a) De riscos mortais ou que poden xerar un dano grave.
- b) De riscos leves que non xeren riscos graves.
- c) De riscos leves e medios que xeren riscos graves e leves.
- d) De riscos medios.

15ª.- Cantos tipos de ferramentas batelumes nos podemos atopar?

- a) Unha, sendo esta a batelume básica.
- b) Dúas, sendo estas a básica e a denominada “de tiras”.
- c) Tres, sendo estas a básica, a desmontable e “de tiras”.
- d) Hai máis de 20 modelos de este tipo de ferramenta.

16ª.- Si o Ministro do Interior se fai cargo dun incendio denomínase de:

- a) Nivel 4.
- b) Nivel 5.
- c) Nivel 3.
- d) Nivel 2.

17ª.- Un combustible leñoso xera:

- a) Máis intensidade calorífica.
- b) Máis lapas.
- c) Son correctas as respostas a) e b).
- d) Ningunha é correcta.

18ª.- A proxección de auga á base das llamas será unha extinción de tipo:

- a) Indirecto.
- b) De enfriamento de calor.
- c) De enfriamento de gases.
- d) Directo.

19ª.- Nun lume forestal a forma máis correcta de situarse para evitar quedar illado é:

- a) Situarse co vento ás costas.
- b) Si é unha ladeira, na parte baixa.
- c) Si non hai vento informarse da dirección dos ventos dominantes e situarse a sotavento.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

20ª.- En que parroquia se atopa o lugar de Sobrido?

- a) Carreira.
- b) Oleiros.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- c) Olveira.
- d) Castiñeiras.

PREGUNTAS DE RESERVA:

21ª.- Denominamos selvicultura a:

- a) Prevención en incendios forestais.
- b) Cultivo dos bosque ou montes.
- c) Teoría aplicada á reforestación.
- d) Ningunha das anteriores.

22ª.- O proceso de combustión dun incendio forestal ten as seguintes fases:

- a) De precalentamento, de combustión de gases e de combustión de carbón.
- b) De conato, de desenrolo do fronte e de devastación.
- c) De superficie ou de solo, de copas e, residualmente, de subsolo.
- d) De crecemento, de contención e de extinción.